

# CIENCIAS SOCIAIS 1

## REPASAMOS o que xa sabemos:

### 1 Numera para ordenar o ciclo da auga.

- A auga da neve e a chuvia vai parar aos ríos e chega ao mar.
- No ceo, o vapor de auga arrefría e transfórmase en gotiñas que forman as nubes.
- O sol quenta a auga do mar e dos ríos, esta evapórase e pasa a formar parte do aire.
- A auga das nubes cae á terra en forma de chuvia ou de neve.

### 2 En que estado está a auga? Escribe sólido, líquido ou gasoso.



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_

### 3 Une.



auga salgada

auga doce



► Que tipo de auga podemos beber? \_\_\_\_\_

### 4 Marca as afirmacións verdadeiras.

- O aire é invisible.
- O aire é unha mestura de gases.
- O aire está en todas as partes.
- O vento é auga en movemento.

# COMPROBA o que fixeches:


1 Numera para ordenar o ciclo da auga.

- 4º A auga da neve e a chuvia vai parar aos ríos e chega ao mar.
- 2º No ceo, o vapor de auga arrefría e transfórmase en gotiñas que forman as nubes.
- 1º O sol quenta a auga do mar e dos ríos, esta evapórase e pasa a formar parte do aire.
- 3º A auga das nubes cae á terra en forma de chuvia ou de neve.

2 En que estado está a auga? Escribe sólido, líquido ou gasoso.



3 Une.



► Que tipo de auga podemos beber? auga doce.

4 Marca as afirmacións verdadeiras.

- O aire é invisible.
- O aire é unha mestura de gases.
- O aire está en todas as partes.
- O vento é auga en movemento.

## CIENCIAS SOCIAIS 2

Y...seguimos repasando:

### A longa viaxe dun caramelo

Esta é a historia dun caramelo calquera.

Un día, un agricultor recolleu unha hortaliza chamada remolacha azucreira e vendeulla a unha fábrica de azucre. Así comezou todo.

A remolacha viaxou nun gran camión ata chegar á fábrica. Unha vez alí, o fabricante moeuna e moeuna ata que extraeu dela o azucre.






Pouco despois, o fabricante de azucre vendeu o azucre a unha fábrica de doces. O azucre chegou á nova fábrica nunha camioneta.

Alí, o fabricante de doces mesturou o azucre con sabores obtidos de distintas froitas. Por fin naceron os caramelos!

Despois, o fabricante de doces meteu os caramelos nunha furgoneta e enviounos a unha tenda de larpeiradas. Despois de recibilos, o dependente da tenda colocounos en grandes botes de cristal, á vista de todos.

E alí está ese caramelo calquera, esperando que alguén o compre.

**1** Numera para ordenar o proceso de produción dun caramelo.




**2** Que traballadores interviñeron na fabricación e venda do caramelo?  
Escribe.


---

---

---

**3** Rodea da cor que corresponda.

 verde materia prima

 rubio produto elaborado



► Agora pensa ti noutro produto elaborado e na súa materia prima.  
Debúxaos e escribe os seus nomes.

materia prima

produto elaborado

---

---

1 Numera para ordenar o proceso de produción dun caramelo.



2 Que traballadores interviñeron na fabricación e venda do caramelo?


Escribe.

O agricultor, o obreiro e o  
vendedor.

3 Rodea da cor que corresponda.



► Agora pensa ti noutro produto elaborado e na súa materia prima.  
Debúxaos e escribe os seus nomes.



## CIENCIAS SOCIAIS 3

Seguimos a falar da auga.

Xa sabemos que a auga é moi importante para a nosa vida. Tamén sabemos que a podemos atopar en 3 estados: sólido, líquido e gasoso. É sabemos que a auga que os seres humanos podemos beber é auga doce.

Si a auga é tan importante debemos de coidala e aforrala porque non hai moita auga doce no noso planeta:

Le atentamente o seguinte texto e fai as actividades:



## A contaminación da auga

A auga sucia ou contaminada é perigosa para a saúde de todos os seres vivos.

A auga contaminada contén substancias que non a fan apta para beber ou cociñar.

A contaminación da auga débese:



Ao uso de produtos químicos na agricultura.



Á utilización da auga nas fábricas.



Ao uso da auga que facemos na casa.

Estas accións provocan a contaminación dos ríos e da auga subterránea.

*Sinala o que facedes na casa:*



Utilizar deterxentes e xabóns en pequenas doses ou que sexan ecolóxicos.



Levar o aceite de fritir e os restos de pintura a un punto de recollida de residuos.



Evitar utilizar o inodoro como se fose unha papeleira e tirar os residuos ao lixo.



– Se hai algunha destas cousas que non facedes, que farías para tratar de cambialo?

Pregunta na túa casa o busca por internet que significa ter unha época de seca. Podes buscar o significado da palabra na páxina da RAG, alí teñen un diccionario da lingua galega.

Seca: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Que causa a seca? \_\_\_\_\_

- Que acontece cando hai seca?

- Dánanse o solo e os cultivos.
- Está prohibido ducharse.
- Aumenta o risco de incendios forestais.



Fonte: Editorial Vicens Vives

COMPROBA o que fixeches:

Seca: *Cando non chove en moito tempo.*

- Que causa a seca? *A falta de auga.*

- Que acontece cando hai seca?

- Dánanse o solo e os cultivos.
- Está prohibido ducharse.
- Aumenta o risco de incendios forestais.

